

VINCULACIÓN ALMA-CIDADE (*POLIS*)

Principio fundamental: O mellor para o Estado (*polis*) é o mellor para o individuo.

ESTADO (Política)	INDIVIDUO (Ética)
Principio: O mellor Estado é o Estado xusto, que é o mesmo que o Estado racional	Principio: O mellor individuo é o individuo excelente ou virtuoso, que é o mesmo que o individuo racional.
- Toda sociedade ou comunidade de seres humanos ten tres necesidades fundamentais: Economía, Defensa e Goberno. - Cada individuo só realiza ben unha tarefa ou función, dependendo de que calidade ou aptitude domine na súa <i>psiqué</i> : a razón, a coraxe ou a concupiscencia. - <i>Ergo</i> , en toda boa organización estatal debe haber tres clases sociais: A clase que se ocupa da gobernanza, a que se ocupa da defensa e a que se ocupa da produción de bens.	A psiqué humana ten por natureza tres calidades ou aptitudes distintas: a razón ou entendemento (<i>nous</i>), a coraxe ou fogosidade (<i>thymos</i>) e a concupiscencia (<i>epithymia</i>). Dependendo de que tendencia domine na súa natureza, un individuo será ou ben “amante da sabedoría”, ou ben amante da guerra ou ben amante dos bens materiais e dos praceres.
Gobernanza: É xusto que gobernen os Sabios, xa que son os que coñecen o que é bo e conveniente para a <i>polis</i> . Os Sabios (“clase de ouro”) son os individuos nos que domina a parte racional, que son capaces de elevarse ata a sabedoría do Ben en sí.	Cabeza No individuo humano debe gobernar a parte racional, simbolizada polo auriga, en tanto que esta contemplou a Verdade e sabe o que é conveniente para a persoa.
Defensa: O xusto é que defendan os máis valentes, por razóns obvias. Formarán a clase militar ou guerreira (“clase de prata”) os individuos onde domine a parte irascible (<i>thymos</i>) da súa natureza, polo que son capaces de acadar a virtude da valentía con maior facilidade.	Peito O <i>thymos</i> , representado polo cabalo nobre na metáfora do carro tirado por cabalos alados, é parte da alma na que se manifesta a coraxe e a entereza do individuo. É facultade anímica máis nobre, xa que se somete de bo grao ao dominio da razón.
Economía: A produción de bens (traballo) debe estar a cargo dos amantes das riquezas, que non serven nin para defender nin para gobernar. Formarán a clase produtiva ou traballadora (“clase de ferro e bronce”) os individuos onde predomine a parte concupiscible, os desexos de riquezas e praceres mundanos. Evidentemente, para cumprir ben coas súas funcións deben ser moderado.	Baixo vientre A <i>epithymia</i> , representada polo cabalo innobre na metáfora do carro tirado por cabalos alados, son os desexos ansiosos de bens materiais e de praceres mundanos. É o gran problema do individuo humano tanto na busca da perfección moral, como na organización óptima do Estado. Tanto nun aspecto coma no outro, o individuo, se quere ser virtuoso, debe ser moderado nas súas ansias de riquezas e de praceres; é dicir, debe aceptar que é a razón a que debe guiar os seus actos e que son outros os que deben dirixir o Estado, sendo moderado nas súas reivindicacións.
Excelencia (<i>areté</i>) del Estado - Se se organiza o Estado segundo o dito, podemos dicir que estamos diante dun Estado sabio, porque gobernan os máis sabios; valente, porque guerrean os máis valentes defendendo ao conxunto; e moderado, porque todos están de acordo en que a mellor parte da comunidade debe gobernar a parte peor. - Este Estado será, tamén, xusto, porque cada quen ocupa o lugar e fai a función social que lle corresponde polas súas aptitudes naturais, porque “a xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas” (texto I). -E se o Estado é xusto, sabio, valente e moderado, entón é o Estado máis perfecto posible, o máis excelente, e os cidadáns serán tan felices coma os humanos poden chegar a ser.	Excelencia del individuo - “...hemos convenido que en el alma de cada individuo hay las mismas clases -e idénticas en cantidad - que en el Estado. ...Y es necesario que, por la misma causa que el Estado es sabio, sea sabio el ciudadano particular y de la misma manera. ... Y así con todo lo demás que concierne a al excelencia: debe valer del mismo modo para ambos. ... Y en lo tocante al hombre justo, ...lo es del mismo modo por el cual consideramos que un Estado era justo.... Sera justo si cada una de las especies que hay en él hace lo suyo”. Ao raciocinio correspóndelle mandar e ter ao seu coidado a alma enteira, e a parte fogosa e a concupiscible tócalles obedecer a lo prescrito por la razón (libro IV,441c). - o individuo que organice así as súas potencias anímicas, armonizándoas como se armoniza a escala musical, obrará de tal xeito que as súas accións serán sempre xusta e fermosas. Noutras palabras, será un individuo virtuoso i excelente, e a súas obras tamén..
Praxis Para que este Estado chegue a realizarse na práctica, Platón pon a condición de que gobernen os filósofos ou que os gobernantes filosofen. E tamén que haxa unha moi boa planificación da educación con vistas a conseguir cidadáns moderados, valentes e sabios.	Praxis. Que tal individuo chegue a existir depende da educación; polo tanto do Estado.
Conclusión: Podemos afirmar que “hemos descubierto al hombre justo y al Estado justo y la justicia que se encuentra en ellos” (libro II, 444a)	